

## **RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO PROGRAMA “ONCE-CRUE” DIRIXIDO AO ESTUDANTADO CON DISCAPACIDADE NO CURSO 2024/2025**

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

O Fondo Social Europeo (FSE) ten entre as súas prioridades promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación e dentro desta, o obxectivo específico de aumentar a contratación de persoas con discapacidade en situación de risco de exclusión social, sendo unha das medidas a implementación de programas combinados de formación e emprego. A Fundación ONCE é un dos organismos intermedios do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social do FSE para o desenvolvemento do programa en España.

Así mesmo, para a Fundación ONCE e a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), resulta de interese colaborar en programas e accións encamiñadas a avanzar no cumprimento dos ODS e a Axenda 2030, sobre todo nos obxectivos 4 e 8 que pretenden garantir a igualdade de oportunidades na educación e o emprego, a través da educación inclusiva e o fomento do emprego decente para todas as persoas. Para tal fin teñen asinado o 12 de decembro de 2023 un convenio específico de colaboración para o desenvolvemento e execución dos correspondentes programas. A Universidade de Vigo tense adherido ao devandito convenio para o desenvolvemento do programa de realización de prácticas académicas externas dirixido ao seu estudantado.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, 5 bolsas para estudantado que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica [sede.uvigo.gal/](https://sede.uvigo.gal/) e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de



reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)  
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade  
Natalia Caparrini Marín



**CSV : GEN-1b6e-c3cf-5683-d7f4-6da3-e1cc-eead-c7cf**

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

**FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 15/11/2024 11:35 | NOTAS : F**

## ANEXO I

### **BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO PROGRAMA “CRUE-ONCE” NO CURSO 2024/2025**

#### **1. OBXECTO**

A Universidade de Vigo e a Fundación ONCE convocan en réxime de concorrencia competitiva as “Becas-Prácticas Fundación ONCE-CRUE”, co obxectivo de facilitar o desenvolvemento de prácticas para estudantes universitarios con discapacidade, que inclúa a realización de prácticas académicas externas remuneradas, facilitando o seu acceso a unha primeira experiencia laboral e mellorando así a súas oportunidades laborais e a súa carreira profesional.

As prácticas axustaranse ao establecido no *Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario*, e no vixente [regulamento sobre prácticas académicas externas](#) da Universidade de Vigo.

Poderán ser desenvolvidas en grandes empresas, PeMES, microempresas, empresas da economía social, entidades do terceiro sector e outras institucións públicas e privadas.

#### **2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

Poderán presentar solicitude as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter unha discapacidade legalmente recoñecida igual ou superior ao 33% polo organismo competente da comunidade autónoma. Exclusivamente para este procedemento admitirase acreditación a través de resolución do INSS (Instituto Nacional da Seguridade Social).
2. Estar matriculado/a en centros propios ou adscritos da Universidade de Vigo en titulacións oficiais de grao ou mestrado oficial no curso 2024/2025.
3. No caso de matrícula en grao, terán preferencia o estudiantado do último curso e que teñan superados o 50% dos créditos dos estudos de Grao nos que se matricula. Para estes efectos terase en conta o último día do prazo de solicitudes.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro*.

#### **3. COMPATIBILIDADE**

A bolsa é incompatible coa existencia de relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable con empresa, institución ou entidade algunha no momento de desenvolvemento das prácticas agás, naqueles casos nos que a actividade laboral non coincida coa actividade académica.

A percepción da bolsa será compatible con outra axuda que o estudante poida obter da empresa ou de calquera entidade ou institución, e coa pensión non contributiva por discapacidade nos termos establecidos legalmente.

#### **4. PERÍODO DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DAS BOLSAS**



As prácticas terá unha duración de **3 meses consecutivos**, e poderán desenvolverse desde o día seguinte á publicación da resolución de concesión das bolsas por parte da Universidade ata o **31 de outubro de 2025 agás no caso de estudiantado que finaliza estudos que deberá rematar as prácticas antes da presentación da solicitude de título.**

Se a empresa de acollida se compromete a abonar, a mesma ou superior axuda mensual e asume o custo das obrigas tributarias e coa seguridade social, o período de prácticas pode ser ampliado ata 3 meses máis.

O horario será de **25 horas semanais** e será pactado entre a empresa e a persoa beneficiaria da bolsa. Realizaranse tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico e a carga lectiva do/da bolseiro/a, quen poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación dun mes entre distintas semanas dentro do mesmo mes.

As prácticas estarán suxeitas ao establecido na [normativa de prácticas da universidade](#).

## 5. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta bolsa ascenden a un máximo de 10.000 € (a expensas do incremento aplicado a cota patronal do ano 2025), con cargo a aplicación orzamentaria 2025 0000 121D 482.11 (9.000 € pola dotación bruta das bolsas e 1.000 € en concepto de cota patronal). Por tratarse dun expediente de tramitación anticipada a contía total máxima ten carácter estimado e a adxudicación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento en que se produza a resolución de concesión.
2. No caso de adxudicación dun maior número de bolsas por parte da ONCE por existiren vacantes noutra universidade e polo tanto dun incremento do crédito dispoñible procederase a aprobación da modificación orzamentaria que corresponda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no Portal de bolsas da web da UVIGO e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.
3. A Universidade recibirá da Fundación ONCE a dotación económica correspondente ao estudiantado beneficiario da bolsa. O programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo.
4. O importe da bolsa ascende a un máximo de **600 € euros brutos mensuais durante 3 meses**. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza na normativa vixente nestas materias.
5. O pagamento farase por meses vencidos. No caso de que non chegara a completarse o período da bolsa só será aboada a contía proporcional de bolsa correspondente ao período realizado, sempre e cando este sexa superior a 8 días; en caso contrario non se percibirá axuda algunha.

Se no desenvolvemento das prácticas, por causas de enfermidade ou outras causas debidamente xustificadas, a persoa bolseira non puidera continuar coas mesmas, as prácticas interromperanse, podendo retomalas ata completar o período máximo de tres meses, con data límite do 31 de outubro de 2025. A suspensión supón a interrupción automática do pagamento da bolsa ata que finalice a suspensión.



## 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A solicitude realizarase a través do formulario en liña dispoñible na secretaría virtual da Universidade <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/bolsas/convocatorias/index> / **Bolsa prácticas**

### CRUE\_ONCE

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados neste procedemento (art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

Así mesmo deberán rexistrarse na plataforma da ONCE <https://becas.fundaciononce.es/paginas/becaspracticasoncecrue.aspx>

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará **10 de decembro de 2024** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

## 7. COMPROBACIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto no artigo 28 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións pública*, para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente o certificado de discapacidade existente no expediente académico do/a solicitante. No caso de non dispor da información, a persoa solicitante deberá aportar o certificado de discapacidade enviándoo a [bolsasformación@uvigo.gal](mailto:bolsasformación@uvigo.gal)

## 8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A xestión administrativa das bolsas levarase a cabo pola Sección de Axudas e Bolsas da universidade en coordinación coa Área de Emprego e o Servizo de Xestión da Extensión Universitaria.

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o *formulario de alegacións* existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

A selección será efectuada pola Comisión de selección de acordo cos seguintes criterios:

1. Nota media do expediente académico: ata 5 puntos
2. % de minusvalía: ata 5 puntos

En todo caso terán prioridade os/as estudantes de último curso da titulación de grao e os/as estudantes de mestrado e/ou entre eles os que non teñan realizado prácticas anteriormente.

A Comisión de selección está composta por:



Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Vogais:

Reyes Fernández González, técnica superior en Orientación Laboral  
Ricardo Corderí Salgado, xefe do servizo de Xestión da Extensión Universitaria  
Rosa Graña Costas, xefa do servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos  
Públicos

Unha vez efectuada a selección pola Comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida e a súa contía, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias ou incremento do número de bolsas por existencia de vacantes noutras universidades de acordo co establecido no convenio de colaboración.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados dende o día seguinte a publicación, presentando o *formulario de alegacións* existente na Secretaría Virtual da Universidade de Vigo.

Revisadas as alegacións pola Comisión de selección, a Sección de Axudas e Bolsas elevará a proposta de **resolución reitoral definitiva de persoas con bolsa concedida, denegada coas causas de denegación e a listaxe de agarda** á Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade para a súa publicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adjudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse no enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 9. RENUNCIA

Cada persoas bolseira presentarse nas oficinas da Área de Emprego e Emprendemento a hora indicada na notificación que se lle enviará ao enderezo electrónico facilitado pola persoa na súa solicitude. No caso de que a persoa beneficiaria non se presente, entenderase que renuncia á bolsa.



A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renunciadas aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

No caso de existir listaxe de agarda, notificaráselle a bolsa vacante á persoa que corresponda, que comunicará a súa aceptación ou rexeitamento contestando ao correo electrónico que se lle enviará coa proposta de bolsa vacante.

## 10. OBRIGAS

Son obrigas das persoas bolseiras:

- a. Realizar a actividade formativa e o plan formativo conforme ao establecido na convocatoria.
- b. Estar matriculada na Universidade de Vigo ao inicio do período de duración da bolsa e durante o seu desenvolvemento.
- c. Presentar na Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa:
  - Documento de aceptación da bolsa
  - Xustificación do ingreso da axuda: certificado/recibí asinado
  - Memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa
  - Cumprimentar o formulario de indicadores de resultado esixido polo FSE+
- d. Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lles sexa de aplicación.

## 11. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

## 12. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puidesen impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.



2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

### **13. COORDINACIÓN DO PROGRAMA**

A Area de Emprego e Emprendemento é a responsable da coordinación e supervisión do programa e a busca da entidade adecuada ao perfil profesional e dispoñibilidade do estudiantado (horaria e xeográfica). As persoas participantes poderán dirixir á [insercionlaboral@uvigo.es](mailto:insercionlaboral@uvigo.es) as consultas e dúbidas que xurdan ao longo da vixencia do programa.

### **14. PROTECCIÓN DE DATOS**

Información sobre a política de protección de datos en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)